

EXPT. Nº 37/2014-ENTIDADE LOCAL: OBRAS DE “DEMOLICIÓN DUN COXUNTO DE VIVENDAS ILLADAS E INACABADAS EN LUGAR TORRE – DORRÓN”

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta do concelleiro de xestión e planificación urbanística e infraestruturas de data 30/09/2015, que a continuación se transcribe:

### “ASUNTO: PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN E PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA E INFRAESTRUTURAS

Con data 21/08/2015, solicitáronse ás empresas “Nexia Infraestructuras SLU”, “Cantería San Adrián de Vilariño SL” e “Graremi SL”, ofertas para a adxudicación do contrato menor de referencia, cuxo proxecto foi aprobado por Dona Aránzazu Paz López, en data 20/08/2015, cun orzamento de execución por contrata de 42.365,59 Euros (sen IVE).

As dúas primeiras empresas presentaron a súa oferta por 41.744,15 Euros (IVE engadido) e un prazo de execución de 20 días e 42.350,00 (IVE engadido) e un prazo de 12 días de execución, respectivamente. A terceira empresa presentou a oferta fóra de prazo, e consecuentemente, non foi admitida.

Por resolución da alcaldía de 17/09/15 e baseada nunha dilixencia da intervención, aprobouse solicitar unha serie de informes técnicos e xurídicos sobre a titularidade da pedra das casas a derrubar e o destino da mesma, de tratarse de material municipal.

Emitidos estes informes que conclúen que a pedra é do Concello, valorándose a mesma, con data 18/09/2015 solicitouse ás empresas que presentaron ofertas, se mantiñan o mesmo prezo e prazo, pero deixando a pedra xuntada a pé de obra, en lugar de trasladala ao centro de tratamento. Tanto unha, como outra empresa, ratificaron a súa oferta inicial, tanto en prezo, como en prazo.

Por outra banda a redactora do proxecto enviou unha modificación das follas do orzamento do proxecto recollendo a reutilización da pedra, circunstancia que non varía, segundo a profesional, os prezos da obra no seu conxunto. En concreto se substitúen as follas números 46, 49, 52, 53, 55 e 56 do proxecto, no que atinxe ao orzamento. Tamén se substitúe a folla 9/12 do documento de alegacións ao informe técnico municipal que foi emitido no seu día, e está incorporado no expediente.

Así mesmo no día de hoxe Francisco Javier Diz Gómez que informou o proxecto no seu día emitiu tamén agora informe favorable ás variacións.

Analizado o expediente e o informe da intervención da data 25/09/2015, **Propoño:**

1. Aprobar o proxecto da obra de **“Demolición dun conxunto de vivendas illadas e inacabadas en Lugar Torre – Dorrón”**, coas variacións anteditas relativas á reutilización da pedra das vivendas.
2. Nomear directora de obra a dona Dona Aránzazu Paz López.
3. Nomear coordinadora de seguridade e saúde á mercantil “Preventia Seguridad y Salud Laboral SL”, e na súa representación ao Colexiado número 3289 Don Guillermo Viñas Sotelo.
4. Adxudicar a obra a empresa “Nexia Infraestructuras SLU”, polo importe de 41.744,15 Euros (IVE engadido) e cun prazo de execución de 20 días, por considerarse a máis vantaxosa para o Concello.
5. Comunicar esta circunstancia ao Xulgado Contencioso Administrativo Número 3 de Pontevedra (peza separada de execución 96/2008 001). ”

**Esta alcaldía, resolve:**

**Primeiro:** Aprobar o proxecto da obra de **“Demolición dun conxunto de vivendas illadas e inacabadas en Lugar Torre – Dorrón”**, coas variacións anteditas relativas á reutilización da pedra das vivendas.

**Segundo:** Nomear directora de obra a Dona Aránzazu Paz López Colexiada número 3062.

**Terceiro:** Nomear coordinadora de seguridade e saúde á mercantil “Preventia Seguridad y Salud Laboral SL”, e na súa representación ao Colexiado número 3289 Don Guillermo Viñas Sotelo.

**Cuarto:** Adxudicar a execución das obras de “DEMOLICIÓN DUN CONXUNTO DE VIVENDAS ILLADAS E INACABADAS NO LUGAR TORRE-DORRÓN” á empresa **“Nexia Infraestructuras, S.L.U.”**, de acordo á oferta presentada, polo importe de **CORENTA E UN MIL SETECENTOS CORENTA E CATRO CON QUINCE 41.744,15 Euros (con IVE)**, e unha duración de **VINTE (20) DIAS**.

**Quinto:** Comunicar esta circunstancia ao Xulgado Contencioso Administrativo Número 3 de Pontevedra (peza separada de execución 96/2008 001).”

**Sexto:** Aprobar os gastos, con cargo á partida orzamentaria **15102/22706**.

**Sétimo:** **No prazo máximo de quince (15) días hábiles** a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, **formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo**, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ó ser un

contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta presidencia aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

**Oitavo:** Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quince (15) días naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano de contratación.

Dada en Sanxenxo a trinta de setembro de dous mil quince.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario accidental



Luis Ángel Sabariz Rolán

**EXPT. Nº 37/2014-ENTIDADE LOCAL: OBRAS DE “DEMOLICIÓN DUN COXUNTO DE VIVENDAS ILLADAS E INACABADAS EN LUGAR TORRE – DORRÓN”**

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN**

**DON LUIS ÁNGEL SABARIZ ROLÁN, SECRETARIO ACCIDENTAL DO CONCELLO DE SANXENXO (Pontevedra).**

**CERTIFICO:**

Que o día trinta de setembro de dous mil quince, o Sr. Alcalde do Concello de Sanxenxo, adoptou a seguinte resolución que literalmente di :

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Vista a proposta do concelleiro de xestión e planificación urbanística e infraestruturas de data 30/09/2015, que a continuación se transcribe:

**ASUNTO: PROPOSTA DO CONCELEIRO DE XESTIÓN E PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA E INFRAESTRUTURAS**

Con data 21/08/2015, solicitáronse ás empresas “Nexia Infraestructuras SLU”, “Cantería San Adrián de Vilaríño SL” e “Graremi SL”, ofertas para a adxudicación do contrato menor de referencia, cuxo proxecto foi aprobado por Dona Aránzazu Paz López, en data 20/08/2015, cun orzamento de execución por contrata de 42.365,59 Euros (sen IVE).

As dúas primeiras empresas presentaron a súa oferta por 41.744,15 Euros (IVE engadido) e un prazo de execución de 20 días e 42.350,00 (IVE engadido) e un prazo de 12 días de execución, respectivamente. A terceira empresa presentou a oferta fóra de prazo, e consecuentemente, non foi admitida.

Por resolución da alcaldía de 17/09/15 e baseada nunha dilixencia da intervención, aprobouse solicitar unha serie de informes técnicos e xurídicos sobre a titularidade da pedra das casas a derrubar e o destino da mesma, de tratarse de material municipal.

Emitidos estes informes que conclúen que a pedra é do Concello, valorándose a mesma, con data 18/09/2015 solicitouse ás empresas que presentaron ofertas, se mantiñan o mesmo prezo e prazo, pero deixando a pedra xuntada a pé de obra, en lugar de trasladala ao centro de tratamento. Tanto unha, como outra empresa, ratificaron a súa oferta inicial, tanto en prezo, como en prazo.

Por outra banda a redactora do proxecto enviou unha modificación das follas do orzamento do proxecto recollendo a reutilización da pedra, circunstancia que non varía, segundo a profesional, os prezos da obra no seu conxunto. En concreto se substitúen as follas números 46, 49, 52, 53, 55 e 56 do proxecto, no que atinxe ao orzamento. Tamén se substitúe a folla 9/12 do documento de alegacións ao informe técnico municipal que foi emitido no seu día, e está incorporado no expediente.

Así mesmo no día de hoxe Francisco Javier Diz Gómez que informou o proxecto no seu día emitiu tamén agora informe favorable ás variacións.

Analizado o expediente e o informe da intervención da data 25/09/2015, **Propoño:**

1. Aprobar o proxecto da obra de **“Demolición dun conxunto de vivendas illadas e inacabadas en Lugar Torre – Dorrón”**, coas variacións anteditas relativas á reutilización da pedra das vivendas.
2. Nomear directora de obra a dona Dona Aránzazu Paz López.
3. Nomear coordinadora de seguridade e saúde á mercantil “Preventia Seguridad y Salud Laboral SL”, e na súa representación ao Colexiado número 3289 Don Guillermo Viñas Sotelo.
4. Adxudicar a obra a empresa “Nexia Infraestructuras SLU”, polo importe de 41.744,15 Euros (IVE engadido) e cun prazo de execución de 20 días, por considerarse a máis vantaxosa para o Concello.
5. Comunicar esta circunstancia ao Xulgado Contencioso Administrativo Número 3 de Pontevedra (peza separada de execución 96/2008 001). ”\*\*\*\*\*“

**Esta alcaldía, resolve:**

**Primeiro:** Aprobar o proxecto da obra de **“Demolición dun conxunto de vivendas illadas e inacabadas en Lugar Torre – Dorrón”**, coas variacións anteditas relativas á reutilización da pedra das vivendas.

**Segundo:** Nomear directora de obra a Dona Aránzazu Paz López Colexiada número 3062.

**Terceiro:** Nomear coordinadora de seguridade e saúde á mercantil “Preventia Seguridad y Salud Laboral SL”, e na súa representación ao Colexiado número 3289 Don Guillermo Viñas Sotelo.

**Cuarto:** Adxudicar a execución das obras de **“DEMOLICIÓN DUN CONXUNTO DE VIVENDAS ILLADAS E INACABADAS NO LUGAR TORRE-DORRÓN”** á empresa **“Nexia Infraestructuras, S.L.U.”**, de acordo á oferta presentada, polo importe de **CORENTA E UN MIL SETECENTOS CORENTA E CATRO CON QUINCE 41.744,15 Euros (con IVE)**, e unha duración de **VINTE (20) DIAS**.

**Quinto:** Comunicar esta circunstancia ao Xulgado Contencioso Administrativo Número 3 de Pontevedra (peza separada de execución 96/2008 001).“

**Sexto: Aprobar os gastos, con cargo á partida orzamentaria 15102/ 22706.**

**Sétimo: No prazo máximo de quince (15) días hábiles** a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, **formalizarse en documento**

**administrativo o contrato respectivo**, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ó ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta presidencia aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

**Oitavo:** Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quinze (15) días naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudo de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de **quinze (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano de contratación.

E para que así conste, expido a presente co visto e prace da Sr. Alcalde, en Sanxenxo a trinta de setembro de dous mil quince.



*Handwritten signature in blue ink.*



Vº prace  
O Alcalde

*Handwritten signature in blue ink.*